

DECRETO DA ALCALDÍA

José M. Miñones Conde, alcalde presidente do Concello de Ames, na provincia da Coruña.

Expediente 2020/G003/000706

Con data do 13.03.2020 ditouse por esta Alcaldía o decreto 679/2020 polo que foron adoptadas medidas ante a situación xenerada polo coronavirus COVID/19.

Posteriormente, o día 14.03.2020, o Goberno do Estado declarou o estado de alarma mediante o Real decreto 463/2020, publicado no BOE nº 67 de 14.03.2020.

Ante esta nova situación, faise preciso adoptar novas medidas adicionais ás previstas no decreto 679/2020 que contribúan á contención da enfermidade garantindo o mesmo tempo o mantemento da prestación dos servizos esenciais.

Por todo exposto, no exercizo das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta Alcaldía-Presidencia en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, previstas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO

Primeiro. Decretar, dende o 16 de marzo de 2020 e durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Goberno do Estado, o peche total da atención presencial nas oficinas municipais, agás aqueles servizos que se declaren esenciais no punto segundo deste acordo.

Segundo. Declarar como servizos públicos municipais esenciais os seguintes:

- 1) Oficinas centrais de rexistro de Bertamiráns e Milladoiro.
- 2) Servizo municipal de novas tecnoloxías
- 3) Servizos sociais
- 4) Brigada municipal de obras e servizos
- 5) Brigada municipal de medio ambiente
- 6) Cemiterio municipal
- 7) Seguridade e emerxencias
- 8) Conserxería
- 9) Servizo de limpeza municipal

A atención nestes servizos esenciais serán unicamente telefónica e telemática. A atención presencial motivada unicamente en razóns de urxencia precisará cita previa.

Os teléfonos e correos electrónicos de contacto aos que poderá dirixirse a cidadanía publicaranse na web municipal (www.concellodeames.gal)

Terceiro. Lembrar a toda a cidadanía a posibilidade de tramitación telemática da totalidade dos procedementos municipais a través da sede electrónica (<https://sede.concellodeames.gal>).

Cuarto. Todos os empregados públicos municipais cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial. A tales efectos a administración facilitará formulas de teletraballo ou de traballo a distancia. Todos os empregados públicos que realicen funcións que non se poidan desenvolver mediante o traballo non presencial deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente, salvo que desempeñen funcións de carácter esencial.

Este persoal deberá acudir presencialmente aos seus lugares de traballo cando o desempeño

das súas funcións así o esixan porque así o determinen as xefaturas de cada servizo ou concelleiro/a responsable.

Naqueles casos en que as funcións de carácter esencial deban desempeñarse presencialmente, estableceranse as quendas necesarias para garantir a prestación do servizo e minimizar ao máximo o risco de contaxio laboral, arbitrando medidas organizativas para a protección da súa saúde, como pode ser a reordenación de espazos.

Todos os empregados permanecerán localizables dentro da súa xornada laboral ordinaria. Deberán reincorporarse os seus postos de traballo de forma presencial se así se require por necesidades do servizo.

De acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 463/2020, de declaración do estado de alarma, o persoal do corpo de policía municipal queda baixo as ordes directa do Ministro do Interior os efectos do referido Real decreto.

Sexto. Suspendense os términos e interrompense os prazos para a tramitación dos procedementos. O cómputo dos prazos reanudanse no momento no que perda vixencia a declaración do estado de alarma ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

Quinto. Dar publicidade deste decreto mediante todos os medios internos e externos dispoñibles, procurando a máxima difusión á cidadanía.

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo